

Remata a construcción da cuberta do parque da Lagoa de Mera

O Concello destina máis de 60.000 euros ao benestar animal e a actividades de concienciación

Páxina 10



Concello de Oleiros

A Xunta segue sen resolver as graves deficiencias na Residencia de Maiores de Oleiros

Páxina 11

# Vivir en Oleiros

O deporte oleirense segue a triunfar en competicións internacionais



## Manu Taibo gana a Copa de Europa de Patinaxe en Portugal

■ O patinador de Broño Manu Taibo, que milita no SDC Rabadeira, conquistou a Copa de Europa de Patinaxe de Velocidade en Portugal, na categoría infantil. Este non foi o único grande éxito do deporte oleirense no panorama internacional. Mónica Castelo proclamouse campioa de Europa de Rugby coa selección española e Lucía Rodríguez conseguiu a medalla de bronce na Copa de Europa de Judo.

Páxina 16

## As entidades reciben 261.334,88 euros para as súas actividades

Os centros de ensino público, as ANPA e as entidades culturais, deportivas e veciñais do municipio están a recibir as subvencións anuais correspondentes ás actividades que desenvolveron ao longo de 2017. As ANPA e os centros de ensino público acceden á metade destes fondos.

Páxinas 12 e 13

Número 59  
Abril 2018  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

As obras da rotonda de Santa Cruz entran na última fase

Páxina 4

O Goberno municipal demanda á Consellería de Infraestruturas beirarrúas para Lorbé

Páxina 5

Homenaxe multitudinaria a Nano García no campo de Iñas

Páxina 9

Como saber  
onde está todo  
en  
**Oleiros**

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## A mellor alternativa para a comarca

O pasado mes de outubro a Asemblea Xeral de Alternativa dos Veciños decidía presentar candidaturas en toda a comarca para as próximas eleccións municipais. Despois dun profundo debate, no que foron expostos todos os puntos de vista, acordamos presentarnos nos sete municipios do partido xudicial da Coruña e deixamos a porta aberta a facelo na comarca de Betanzos.

O que pretendemos con todo isto é exportar o modelo de Oleiros aos demais municipios da comarca. As políticas serias que sempre practicamos, o urbanismo responsable, as amplas prestacións dos servizos sociais, a promo-

ción da cultura e do deporte, a apertura de grandes espazos, paseos e parques para o lecer, a creación de infraestruturas e servizos públicos de calidade e a defensa do medio ambiente tamén poden desenvolverse noutros lugares. Malia as desfeitas e falcatruadas que algúns fixeron no pasado, estamos convencidos que podemos cambiar moitas cousas alí onde a cidadanía nos outorgue a súa confianza.

Estamos moi preocupados pola parálise na que se atapan inmersos algúns municipios. Os continuos boicots perpetrados por parte do PP e do PSOE aos gobernos en minoría están a impedir o

normal funcionamento que deberían ter os concellos para satisfacer as demandas e as necesidades da poboación. Queremos acabar con esas políticas nefastas nas que o desgaste aos rivais políticos que están gobernando prima por riba de calquera outra cousa.

Por desgraza, temos un exemplo moi claro de todo isto co proceso de creación da Área Metropolitana. PP e PSOE boicotean constantemente a creación deste novo organismo, cando si o impulsaron na comarca de Vigo. Desde Alternativa dos Veciños estamos a loitar pola formación dun novo

ente co que se podería mellorar e abaratar os servizos públicos: auga, recollida do lixo, transporte... e co que tamén se abriría a posibilidade de lograr directamente as grandes infraestruturas que levamos demandando durante tantos e tantos anos. Pois ben, os concellos nos que goberna o PP, así como os concelleiros do PP e do PSOE do Concello da Coruña, néganse a que este proceso avance e poñen todas as trabas que poden. A nosa presenza nos concellos da comarca pode e debe influír na creación de maiorías de goberno que permitan a creación da Área Metropolitana.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Políticas pensadas para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas baixo a colaboración institucional

A colaboración entre administracións fai posible que se poñan en marcha proxectos que inciden directamente en mellorar a calidade de vida da cidadanía. Neste caso, a dos nosos maiores. A Xunta de Galicia, que goberna para todos, volve deixar constancia de que a política social é un dos piares estratéxicos e inviste 188.180 euros na reforma interior do

centro de atención diurna da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros. Despois de reformar a enfermería, o taller de fisioterapia, mellorar a lavandaría e construír unha nova cafetería, agora creará unha zona lúdica e outra terapéutica. No seu conxunto, investiranse 800.000 euros para mellorar tamén as cociñas e a fachada, polo que a atención diurna dos maiores

é unha prioridade tamén en Oleiros grazas ao compromiso do goberno autonómico do Partido Popular.

Son estas e non outras cousas nas que debería estar ocupado o alcalde de Oleiros, porque son estas as que verdadeiramente importan. E esta seguirá sendo a liña, a da colaboración institucional, a pesar dos impedimentos, a que ten que rexer

nas actuacións municipais para apoiar e mellorar o Concello, e a calidade de vida dos veciños. Un exemplo máis de que o illamento tan presente na política municipal de Oleiros só serve para que os proxectos se murchen, e a colaboración para conseguir ser un Concello que pensa no futuro e nos intereses de quen o habitan, non só en intereses partidistas.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Área metropolitana: proxecto, diálogo e basta de vender fume

Dende hai algún tempo vemos como un día tras outro, o alcalde de Oleiros non deixa de criticar a nosa formación política, esixindo un cheque en branco en apoio a un proxecto que polo momento non existe, nin está definido, nin consideramos que haxa interese en definir nin consensuar por parte do Goberno local de Oleiros, que non é precisamente dialogante.

Descoñecemos se o alcalde de Oleiros é consciente das implicacións que supón a creación dunha área metropolitana, porque ata o día de hoxe non se lle escoitou falar de aspectos clave como competencias, financiamento, órganos de goberno e folla de ruta.

Dende o PSOE de Oleiros cremos que a acción política consiste en construir más que en arrasar, e por iso consi-

deramos que debemos ser ambiciosos na creación deste novo ente para que sirva de dinamizador e catalizador da actividade económica, o emprego e a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, contemplando a posibilidade de adoptar políticas comúns en materia de promoción económica, creación de emprego e servizos sociais, mellorando a seguridade xurídica e a homoxeneiza-

ción fiscal en toda a área. Os socialistas dimos o primeiro paso coa proposta de mancomunar o transporte na área.

É unha oportunidade que non podemos deixar pasar, pero é necesario un diálogo construtivo entre as forzas políticas en pos do interese da cidadanía, deixando de lado outros intereses totalmente alleos ao benestar dos veciños e veciñas.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## A importancia da rendición de contas

Este próximo xuño fará 3 anos que botou a andar o actual mandato municipal e faltarán menos de un para que teñamos que escoltar nas urnas unha nova corporación. Toca ir facendo repaso, sen présas pero sen pausas, do traballo feito e do que deu de si a todos os niveis esta lexislatura. Esa análise, que xa virá no seu momento, non a faremos sós; queremos que a faga-

des vós connosco -as veciñas e os veciños -a través dun diálogo previo que vos explicaremos nos próximos meses como funcionará.

Ao BNG parécenos moi importante a rendición de contas sobre o traballo municipal feito. Render contas equivale a informar e explicar o feito e o proposto, mais tamén dialogar, escutar e, se fai falta, levar tiróns

de orellas. Somos conscientes de que o labor que facemos no Concello é difícil que chegue á rúa fóra da xente que ten costume de acudir aos plenos ou seguilos pola radio. Daí a importancia do proceso informativo que nos próximos mesesaremos en marcha en todas as parroquias. Pensamos que é unha tarefa ética que nos implica a todas/os: tanto ao grupo de goberno

como aos grupos da oposición. Cada quien, obviamente, de xeito diferente dependendo do seu grao de responsabilidade. Así e como começaremos a definir no BNG tanto as liñas xerais como moitas das propostas concretas do noso programa de dentro dun ano. Priorizando, unha vez máis, os proxectos e as ideas sobre as quinielas de nomes. Tempo haberá.

# EDITORIAL

# •España patas arriba

◆ Do “España va bien” e os “brotes verdes” á crise e á desfeita total. E o país patas arriba. A trancas e barrancas. Todos nos quixeron vender “o dourado” coas súas políticas mentres saqueaban as arcas do Estado, botando despois balóns fóra e sinalando ao de enfrente. E a culpa dos traballadores. Dixéronnos que vivíamos “por riba das nosas posibilidades”. E dixéronnolo desde iates, desde cadeiras e cargos inventados con dietas desorbitadas ou desde consellos de administración de grandes multinacionais ás que beneficiaron mentres exercían como supostos representantes do pobo.

E así, pensando que esas arcas públicas eran un pozo sen fondo, relegaron este país á cola do desenvolvemento e o progreso. Deixándonos á altura dos países do leste en termos de desigualdade. Canto retrocedemos nestes últimos anos nas conquistas sociais acadadas ao longo das anteriores décadas de democracia!

Hoxe o paro, a conxelación de salarios, a perda de poder adquisitivo de traballadores, traballadoras e pensionistas, a falta de liberdade de expresión, a desigualdade económica e de xénero, a desafeción política ou as carencias do sistema xudicial están poñendo España patas arriba, son consecuencia das políticas neoliberais exercidas polos gobernos sucesivos de PP e PSOE. Cos seus líderes actuando como delfíns das grandes corporacións que logo os sentaron nos consellos de administración. Empresas ao servizo das

potencias imperialistas, prestamistas dos señores da guerra que venden armas a grupos terroristas e financian as guerras dos Estados Unidos ao longo e ancho do globo. Xa coñecemos o que é enviar os nosos soldados a pelexar nas guerras dos USA en Oriente Medio por intereses creados de grandes empresas.

Pero volvendo ás políticas domésticas e ao día a día de España, é urgente e necesaria unha mentalización da poboación, á marxe de credos e ideoloxías, estas últimas utilizadas tan habilmente por aqueles que non queren perder os privilexios do poder: tarxetas black e financiamento en B, lexislación blindando os seus privilexios e leis mordaza que nos impiden chamar os saqueadores e ladróns do público polo seu nome. Queren calarnos e impedir manifestacións que non lles conveñen. Todo o que non lles guste é cualificado de golpista e terrorista.

Non obstante, os últimos movementos sociais do feminismo ou dos pensionistas téñennos amosado que a rúa segue viva, e que é necesario mobilizarse se se quiere loitar por recuperar as conquistas sociais que nunca se deberon perder. É necesario seguir pelexando para corrixir o rumbo da política, e para que ao país e ás súas xentes lles vaia ben. É necesario seguir pelexando para que España deixe de estar patas arriba e poña os pés con forza no lugar que lle corresponde á vanguarda do progreso en Europa.

Somos singulares,  
somos distintos  
Somos Oleiros

Concello de Oleiros | www.oleiros.org

## A rotonda do centro de Santa Cruz estará lista para o verán ▼

◆ Nas vindeiras semanas está previsto que rematen os traballos de construcción da rotonda e das zonas de estacionamento que se creanán neste novo espazo público, no centro de Santa Cruz. Esta actuación axilizará considerablemente o tráfico que conflúe neste punto e ademais permite acabar cos graves riscos que supoñía a existencia dunha gasolinera que non cumplía as normativas de seguridade nin de medio ambiente nunha zona tan poboada.

Aproveitando esta obra e para evitar romper o asfalto en dúas ocasións, o Concello tamén tratará a renovación da rede de auga principal de Santa Cruz, desde Coruxo ata a rúa do Mar, na zona do porto. Esta actuación ten un custo de 248.750,90 euros.



## Renóvanse e amplíanse os parques infantís de Mera e Mesón da Auga



## As novas instalacións do Servizo Municipal de Emerxencias entrarán en funcionamento no mes de xuño

◆ Está previsto que nos primeiros días do mes de xuño o Servizo Municipal de Emerxencias quede instalado nas novas dependencias que se están a crear nas naves municipais existentes no polígono de Iñás. A obra de adecuación do recinto ten un custo de preto de 293.695,88 euros.

## O parque da Lagoa xa conta cunha grande cuberta ▼



◆ Finalizaron os traballos de construcción da cuberta que ocupa a parte central da praza do parque da Lagoa de Mera. Para acometer unha mellora integral de todo o ámbito, dotar a praza de maior amplitud e rematar coa degradación que se daba detrás da zona do palco, o Goberno municipal tamén decidiu demoler o escenario existente no centro da praza.



◆ Dentro das obras de construcción da cuberta do parque da Lagoa, tamén se acometeu a renovación da zona de xogos infantís existentes xunto á Casa do Mar. Igualmente, na urbanización Mesón da Auga, en Nós, as nenas e nenos xa disponen de espazos de xogo completamente renovados con novos aparellos para o seu gozo e divertimento.

Oleiros conta con máis de 60 parques infantís espallados por todo o municipio. Todos eles cumplen coa normativa europea de seguridade e son inspeccionados periodicamente.



## As beirarrúas entre Montrove, As Pedreiras e Cristo Rei atópanse en construcción ➤

◆ A obra de construcción de beirarrúas desde Lamastelle ata As Pedreiras e desde ese punto ata o colexio Cristo Rei, no Carballo, atópase en marcha desde hai varias semanas. O Goberno municipal conseguiu o solo necesario para a creación dun carril bici nesta zona logo de chegar a acordos de cesión gratuita cos propietarios lindeiros coa estrada e instou á Xunta de Galicia á que contratase a obra, xa que a estrada é de titularidade autonómica. Esta actuación contempla a conservación de todas as árbores autóctonas existentes no percorrido.



## As obras de ampliación da estrada da Besta comenzarán despois do verán ➤

◆ A Deputación da Coruña está a rematar os trámites de contratación das obras de ampliación da estrada da Besta, que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra, e que ascenden a 613.982,24 euros. Ante a necesidade de dotar de maior seguridade tanto a peóns como aos numerosos vehículos que empregan esta ruta para entrar e saír ao centro Mera, a estrada pasará de 5 a 12 metros. Os carrís de circulación ocuparán 7 metros e as beirarrúas 5, para que os peóns poidan transitar de xeito seguro.



## O Goberno municipal insta á Xunta de Galicia para que constrúa beirarrúas en Lorbé ▼

◆ O proxecto de construcción de beirarrúas en Lorbé, que elaborou o Concello de Oleiros ante a pasividade da Xunta de Galicia, foi entregado na Consellería de Infraestruturas para que as obras sexan contratadas este mesmo ano. A Xunta de Galicia, que é a administración titular da estrada, está obrigada a realizar esta actuación para dotar de seguridade os peóns nun núcleo urbano tan importante como é o de Lorbé.

Ademais de redactar o proxecto, o Concello de Oleiros obtivo gratuitamente grazas ás cesións das persoas propietarias o solo necesario para as beirarrúas, desde a casa do pobo ata o linde con Sada pola marxe dereita. Agora a Xunta non ten escusas para non realizar esta obra.



## A casa principal da Finca Tenreiro xa conta cun teito ▼



◆ O alumnado do Obradoiro de Emprego da Finca Tenreiro está a conseguir importantes avances na reconstrucción interior do edificio principal deste gran parque público. Os traballos de carpintería e moble que se están levando a cabo permiten ver xa o que será a cuberta do inmoble.

Un total de 20 persoas que se atopaban en situación de desemprego están a participar neste programa no que, ademais de adquirir formación e práctica profesional na especialidade de carpintería, están a percibir unha remuneración mensual de 735,90 euros.

# O Concello asfalta 10 rúas do municipio


♦ Nas pasadas semanas, procedeuse ao asfaltado de diversas rúas do municipio. Os traballos efectuáronse na rúa Tierno Galván en Maianca, na rúa da Luz e a rúa Laxeiro en Nós, a rúa do Faro en Iñás, a rúa da Cova en Oleiros, a rúa dos Niños e a avenida das Américas en Perillo, a rúa do Campo e a rúa Castro da Vixía en Dexo e a rúa do Currunch en Dorneda.



■ Rúa Tierno Galván



■ Rúa da Luz



■ Rúa Laxeiro



■ Rúa Currunch

## Finaliza a construcción do muro do porto de Santa Cruz

♦ Recentemente finalizaron os traballos de construcción do muro do porto de Santa Cruz que Portos de Galicia, inicialmente se negara a realizar, malia o grave risco que supoña para as numerosas persoas que transitan por esta zona. O Goberno municipal conseguiu asinar un convenio co organismo autonómico ao que tamén se lle obriou a colocar a varanda e as lousas deterioradas. O Concello pagou o 20% das obras.



## Remata a remodelación das antigas escolas de Río da Loba



♦ O edificio das antigas escolas de Río da Loba, en Oleiros, que utiliza a Agrupación Folclórica Follínas e a Asociación de Amas de Casa foi obxecto de diversas obras de mellora. O investimento nesta instalación pública ascende a 56.000 euros.

Ademais da reparación e do pintado exterior, procedeuse ao cambio de portas e fiestras, á renovación da cuberta e dos canlóns, así como á realización dunha nova división interna más práctica para os seus actuais usos.

## Complétase a iluminación pública na rúa Celso Emilio Ferreiro

♦ O Concello de Oleiros dotou de iluminación pública o tramo da rúa Celso Emilio Ferreiro, en Mera, que carecía de farois e que conectaba a zona de Xoez coas rúas da urbanización O Xunqueiro. Tamén en Mera está previsto que nos vindeiros meses sexa instalada a iluminación pública no tramo do Balcón de Maianca máis próximo a Canide.



## Invístense 80.000 euros en novas marquesiñas ▼

♦ O Concello de Oleiros sacou a contratación a subministración e a instalación de novas marquesiñas para substituír aquellas que se atopan en peor estado de conservación. Para evitar os actos vandálicos e a degradación, no novo modelo desaparecen as paredes e os cristais laterais. Está previsto que no mes de maio se proceda á súa situación en distintas paradas do transporte público e do transporte escolar solicitadas polas ANPAS.

# As arcas municipais ingresarán máis dun millón de euros pola venda dos terreos do campo de golf

◆ A Xunta de Compensación sacou á venda os terreos do campo de golf que se creará na urbanización de Xaz, en Dorneda, por 2,2 millóns de euros. O Concello de Oleiros, titular do 47% dese solo debido ás cesións e ás rúas públicas, ingresará máis dun millón pola venda. O comprador deberá pagar outros 1,2 millóns de euros correspondentes á parte de urbanización de todo o ámbito.

As obras da urbanización de todo este ámbito, de máis dun millón de metros cadrados, están avanzando a bo ritmo. Comezaron o pasado mes de xaneiro e a empresa adxudicataria ten dous anos para finalizar a actuación. A construción do campo de golf iniciarase unha vez se adxudiquen os terreos ao mellor postor.



## Perillo contará con novas vivendas de aluguer protexido

◆ Dentro das obras de urbanización da Corredoiras das Viñas, en Perillo, está prevista a construción dun edificio de vivendas que se destinarán ao aluguer protexido, cos prezos e características que determina a Consellería de Vivenda. No momento no que se abra a convocatoria de solicitudes informarase a través dos diferentes medios de comunicación municipais: web, radio, Vivir en Oleiros, paneis electrónicos, redes sociais...

## O Concello ten abertos 240 expedientes para a limpeza de fincas privadas

◆ Todos os veciños e veciñas do municipio teñen a obriga de manter limpas e libres de maleza as súas propiedades, tal e como recolle a Ordenanza municipal de limpeza e a Lei de ordenación urbanística do medio rural de Galicia. As persoas propietarias dos inmobles e soares teñen o deber de mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade, limpeza e ornato público. O incumprimento desta normativa pode xerar sancións económicas de carácter coercitivo.

O pasado mes de xaneiro o Concello de Oleiros procedeu a limpar subsidiariamente a maleza das parcelas urbanas situadas na Urbanización A Pezoca, ante as denuncias dos veciños e veciñas da zona e o elevado risco de incendio. A inmobiliaria propietaria das fincas negábase a realizar a limpeza do terreo, polo que o Concello pasaralle a correspondente factura dos gastos ocasionados.



## Un matrimonio deixa en herданza ao Concello a súa casa e 90.000 euros

◆ José Siso Rodríguez e María Dolores Pan Illanes, veciños da rúa Areosa en Maianca, deixaron en herdanza ao Concello de Oleiros a súa vivenda e unha conta bancaria con máis de 90.000 euros en agradecemento ao bo trato recibido por parte dos Servizos Sociais municipais, que os cuidaron e atenderon ata o seu ingreso nunha residencia. O Goberno municipal estudará agora os posibles usos que poderá ter a vivenda e a finca na que se atopa, unha parcela urbana de 1.046 metros cadrados.

## Seguen á venda 12 parcelas municipais

◆ Neste momento o Concello de Oleiros ten á venda 12 parcelas de propiedade municipal que poden adquirirse por venda directa. Todas aquelas persoas interesadas nalgúnha delas deben dirixirse á Secretaría do Concello, onde recibirán toda a información que precisen. Na web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), tamén poden consultarse todos os detalles sobre os terreos.

Todas as parcelas están situadas en lugares privilexiados do municipio e contan con todos os servizos. A venda deste solo supón unha importante inxección económica para as arcas municipais e son o resultado da política urbanística desenvolvida ao longo dos anos polo Goberno municipal que, por lei, obriga as persoas propietarias das novas urbanizacions a entregar o 10% do construíble terreo ao Concello.

### PARCELAS MUNICIPALES URBANAS Á VENDA

• Avenida Espoz y Mina 1, Iñás (537,5 m <sup>2</sup> )	113.269,31 euros
• Rúa Trovadores 3, Mera (488,32 m <sup>2</sup> )	97.035,35 euros
• Rúa Chile 7, Oleiros (294 m <sup>2</sup> )	71.932,13 euros
• Rúa Ecuador 26, Oleiros (313 m <sup>2</sup> )	76.580,48 euros
• Rúa Cubelos 10, Perillo (202,40 m <sup>2</sup> )	103.459,40 euros
• Rúa Palestina 34, Canide (162,90 m <sup>2</sup> )	39.012,24 euros
• Rúa Palestina 11, Canide (280,70 m <sup>2</sup> )	89.053,18 euros
• Rúa Palestina 13, Canide (308,40m <sup>2</sup> )	97.843,29 euros
• Rúa Palestina 15, Canide (318,40 m <sup>2</sup> )	101.015,22 euros
• Rúa Francisco Llorens 7, Oleiros (992,50 m <sup>2</sup> ) * Para 5 vivendas unifamiliares	338.368,61 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (225 m <sup>2</sup> )	44.899,47 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (101 m <sup>2</sup> )	20.154,87 euros




# Os orzamentos xerais do Estado inclúen os fondos necesarios para realizar a obra de Sol y Mar ▼

♦ As constantes demandas realizadas desde o Concello de Oleiros para que o Ministerio de Fomento realizase o soterramento da circulación na intersección de Sol y Mar, en Perillo, fixo posible que o Goberno central inclúise no proxecto de orzamentos xerais do Estado para o 2018 os fondos necesarios para realizar esta actuación, para a que se contempla un investimento de 4 millóns en 2018 e de 6 millóns en 2019. Lamentablemente esta é a única obra que o Ministerio de Fomento ten previsto realizar en Oleiros durante os vindeiros anos.

Para a ampliación da ponte da Pasaxe destinan-se 295.580 euros, que non chegan nin para realizar o proxecto. O mesmo acontece co dragado da ría, para o que todos os anos se inclúe unha partida dun millón de euros que nunca chega a executarse. Ante esta situación, o Goberno municipal de Oleiros seguirá demandando a execución destas obras con todo tipo de campañas e actos e para a súa realization.



## O Goberno municipal logra a licitación das pasarelas da N-VI enviando un ultimato a Madrid



♦ O Ministerio de Fomento sacou a contratación as dúas pasarelas peonís que o Concello de Oleiros levaba anos demandando para a zona comercial do Seixo, entre Sol y Mar e o linde con Cambre. Para conseguir a licitación, o Goberno municipal adoptou no pleno un compromiso de mantemento parcial destas infraestruturas coa condición de que Fomento iniciase o proceso de contratación no mes de marzo, tal e como finalmente aconteceu. Estas pasarelas, dotadas de ascensores, estarán situadas entre a Volvo e a Citroen e o Mercadona e a gasolinera.

## O pleno rexeita a instalación dunha planta de tratamento de residuos de hidrocarburos no peirao de Oza ◀



xinen, tal e como xa aconteceu en numerosas ocasións con outras plantas similares noutros lugares de Galicia e de España. Ademais, dáse a circunstancia de que a empresa que realizaría este trabalho é a mesma que hai uns anos xa recollía os residuos na baía da Coruña para a súa reciclaxe e o que realmente facía era verter todo por un rexistro do alcantarillado dunha nave de Icaria, feitos que foron denunciados ante a xustiza polo Concello.

♦ O Goberno municipal aprobou no pleno unha moción contra a instalación dunha planta de residuos oleosos no peirao de Oza, ante o grave risco medioambiental para todo o litoral oleirense. O almacenamento de materiais tóxicos neste porto pesqueiro é un atentado ecolóxico contra a actividade dos mariñeiros, contra o marisqueo, contra as praias e contra o conxunto dos veciños e veciñas que viven no contorno da Coruña, Oleiros e Culleredo que poden chegar a sufrir as consecuencias dos posibles episodios de contaminación que se originen, tal e como xa aconteceu en numerosas ocasións con outras plantas similares noutros lugares de Galicia e de España. Ademais, dáse a circunstancia de que a empresa que realizaría este trabalho é a mesma que hai uns anos xa recollía os residuos na baía da Coruña para a súa reciclaxe e o que realmente facía era verter todo por un rexistro do alcantarillado dunha nave de Icaria, feitos que foron denunciados ante a xustiza polo Concello.

## Dimiten a metade dos concelleiros do Partido Popular ▼

♦ Dous dos catro concelleiros do grupo municipal do Partido Popular presentaron a súa dimisión. Roberto Varela e Begoña Pazos renunciaron ao seu cargo no pleno que tivo lugar no mes de febreiro. José Manuel Devesa e Óscar Maceiras ocuparán os seus postos.

# Todo o deporte oleirense homenaxe a Nano García no campo de Iñás, que leva o seu nome



◆ Decenas de persoas vincelladas ás entidades deportivas de todo o municipio, así como numerosos veciños de Iñás e doutras localidades, participaron no acto de homenaxe a Nano García no que se lle outorgou oficialmente o seu nome ao campo de fútbol municipal de Iñás. O Goberno municipal adoptou esta decisión en recoñecemento ao importante labor desenvolvido por Nano na divulgación e promoción da actividade deportiva existente no municipio. Desde os micrófonos de Radio Oleiros, e de maneira desinteresada, informou durante moitos anos sobre a actualidade e os logros tanto de clubs como de deportistas. Ademais, colaborou na organización de numerosos eventos deportivos no municipio.

## A Escola Municipal de Surf terá a súa sede na casa expropriada en Bastiagueiro ▼




◆ A Escola Municipal de Surf pasará a ter a súa sede na casa que se atopa a carón do aparcadoiro público máis próximo á praia de Bastiagueiro e que foi expropriada o pasado ano. A vivenda será destinada a dar servizo ás persoas que participan nas actividades náuticas que ofrece o Concello de Oleiros.

## A Xunta segue sen tomar medidas ante os numerosos danos provocados polos xabarís ▼

◆ A Consellería de Medio Ambiente, que ía instalar trampas para capturar xabarís naquelas zonas de paso dos animais, segue sen asumir as súas responsabilidades en relación aos graves problemas que están causando os porcos bravos en Oleiros. Malia que o Servizo Municipal de Emerxencias realizou un estudo minucioso das zonas de tránsito, a Consellería de Medio Ambiente non, polo que se solicitarán a realización de batidas para poñer remedio a este problema.

Son numerosos os estragos que están a causar os xabarís, tanto en propiedades privadas como nos parques e zonas verdes públicas. Estes animais tamén están a provocar moitos accidentes de tráfico, especialmente na vía Ártabra.



# Un municipio tamén para os animais

■ *O investimento anual en benestar animal e actividades de concienciación supera os 60.000 euros*



Dentro do programa de actividades de Ociooleiros, ofrécese unha actividade para concienciar os donos dos cans de como actuar de maneira responsable coas súas mascotas. Este obradoiro canino trata a educación e o comportamento canino, a importancia do xogo e dos paseos, as obrigas e responsabilidades que teñen os propietarios e a alimentación e a saúde dos animais.

En todas as escolas infantís do municipio, lévase a cabo un programa de sensibilización no que todos os nenos e nenas de 2 e 3 anos aprenden a achegarse a un can, a coidalos e pasealos, a cepillalos e a limpalos... Desta maneira, os menores saben como coidar axeitadamente as súas mascotas e o que deben facer e o que non ante un can para evitar accidentes.



◆ O Concello de Oleiros realiza un importante investimento económico en coidado e atención de animais. O servizo de lacería e canceira municipal inclúe a recollida, aloxamento e mantemento de cans e gatos perdidos ou abandonados polos seus donos. Mentre agardan por unha adopción, os animais reciben os mellores coidados e o agarimo dos coidadores nun hotel, no que son atendidos por veterinarios que lles practican revisións e os curan de posibles danos, así como vacinas oportunas e o microchip.



Son numerosas as intervencións que realiza a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias ao longo de todo o ano ante os casos de abandono de animais que transitan perdidos polas rúas. Mesmo chegan a realizarse perigosos rescates, como o do can que recentemente quedou atrapado nos cantís da zona do Faro de Mera e que grazas aos efectivos municipais foi entregado ao seu dono en perfecto estado.



Malia as campañas de concienciación realizadas, seguen a detectarse casos illados de persoas que non respectan as normas e que poñen en perigo os seus propios cans deixándolos ceibos polas rúas, vulnerando tamén o dereito que ten a ciudadanía a pasear tranquila. Igualmente continúa a existir unha minoría de veciños e veciñas incívicos que non recollen as defecacións dos animais, o cal está penado con multas económicas.

**SE TES CAN, ➤ TES OBRIGAS**

# A Xunta de Galicia segue sen resolver as graves deficiencias existentes na Residencia de Maiores de Oleiros ▼



◆ A Xunta de Galicia, administración responsable da Residencia de Maiores de Oleiros, segue sen resolver as graves deficiencias e problemas que se dan neste centro. Familiares e traballadores teñen denunciado en repetidas ocasións a falta de medios materiais e de persoal para dar unha atención axeitada ás 274 persoas, procedentes de todo o norte peninsular, que residen neste centro.

Pola escaseza de recursos humanos, os traballadores vense desbordados para ofrecer os coidados que precisan os usuarios, moitos deles persoas

dependentes. Ademais existen graves carencias de instrumentos, equipamentos e materiais que orixinan constantemente situacións que atentan gravemente contra a dignidade das persoas maiores. Téñense dado episodios tan lamentables como os cortes de calefacción nocturnos os días más fríos do ano para reducir gastos. Malia as numerosas demandas e denuncias realizadas tanto desde o Concello de Oleiros como por parte dos traballadores do centro e de familiares, o Goberno autonómico do Partido Popular segue a manterse firme nas súas políticas de recortes.

## O Concello subvenciona con 33.178 euros o alumnado que usa o comedor escolar ▼

■ Destínanse outros 60.000 euros anuais a cubrir todos os gastos de comedor dos menores en situación de vulnerabilidade



◆ O Concello de Oleiros, para axudar á conciliación familiar, resolveu as subvencións municipais destinadas aos alumnos e alumnas dos centros de ensino público que utilizan os comedores escolares xestionados polas ANPA. En total repartíronse 33.178 euros en axudas dirixidas a 83 nenos e nenas.

A contía que se lle concede a cada solicitante depende da renda per cápita da familia e oscila entre os 700 e os 76 euros. Todas as solicitudes presentadas foron aceptadas agás 19 nas que se sobrepasan os límites de renda ou existen débedas fiscais, coa Facenda Municipal ou coa Axencia Tributaria.

Ademais destas subvencións, o Goberno municipal destina 5.000 euros mensuais para os gastos de comedor dos menores en situación de vulnerabilidade. Grazas aos convenios asinados coas ANPA, que xestionan os comedores escolares nos centros públicos de ensino de Oleiros e que actúan como entidades colaboradoras, o Concello asume o 95% ou o 100% do gasto do comedor escolar daqueles nenos e nenas con familias nunha situación de vulnerabilidade.

## Demandada ante a Xunta unha cuberta para a polideportiva do IES Neira Vilas ▼

◆ O alcalde mantivo un encontro co xefe territorial de ensino, Indalecio Cabana, para demandarlle a construción dunha cuberta na pista polideportiva do IES Neira Vilas. Aínda que a Xunta de Galicia ten a competencia en exclusiva sobre os centros de ensino de secundaria, o Concello de Oleiros estaría disposto a asumir o 50% do custo da instalación dun teito na zona deportiva do instituto de Perillo.

Ante o compromiso firme por parte do Concello, o Goberno municipal agarda agora unha resposta da Consellería de Ensino. O IES Neira Vilas é o único centro de ensino público do municipio que non conta cunha polideportiva cuberta.

## O Centro Municipal de Formación axudou a que 302 persoas atopasen traballo e a que se creasen 22 novas empresas ▼



◆ O servizo de apoio e asesoramento para o emprego que se presta desde o Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo axudou a que 302 persoas atopasen emprego durante o ano 2017. En total foron atendidas 3.902 persoas nas dependencias dos Regos ao longo de todo o ano pasado.

Pola súa parte, o servizo de asesoramento a emprendedores deu información a 140 proxectos empresariais. Da man do Concello de Oleiros naceron 22 novas empresas que crearon 37 novos postos de traballo.

# O Concello concede 261.334,88 euros en subvencions a 63 entidades do municipio

■ A Xunta de Goberno local aprobou a concesión das subvencions solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrencia competitiva determinadas nas bases da convocatoria. En total repártense 261.334,88 euros entre 63 entidades. As ANPA e os centros de ensino público reciben o 48% das axudas. ▼

◆ Oleiros é un caso único de participación cun número de entidades moi elevado. Para seguir potenciando ese asociacionismo, o Goberno municipal impulsa todos os anos unha liña de axudas económicas dirixidas a sufragar os gastos derivados das actividades que organizan os colectivos municipais sen ánimo de lucro. Ademais, desde o Concello de Oleiros pone á súa disposición infraestruturas, equipamentos e recursos humanos de maneira gratuita.

## Centros de ensino público: 64.200 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ CEIP Rabadeira:	7.856
■ CEIP Valle Inclán:	9.466
■ IES María Casares:	12.992
■ IES Miraflores:	9.926
■ IES Xosé Neira Vilas:	4.354
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	7.674
■ CEIP Juana de Vega:	5.112
■ CEIP Luís Seoane:	6.820



■ O Concello subvencia as viaxes e actividades que realizan os colexios públicos.

## Anpa: 62.632,87 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ ANPA Bidueiro:	3.729,49
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	24.649,81
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	29.775,57
■ ANPA Arce do IES Xoés Neira Vilas:	1.380,00
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	2.027,00
■ ANPA CEIP Nós:	1.071,00



■ As ANPA levan a cabo diferentes actividades extraescolares para o alumnado dos centros de ensino públicos que reciben a axuda económica.

(\*) Estas cantidades repártense en base ao número de actividades que organiza cada ANPA

## Asociacións de veciños: 20.531,63 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ AVV A Ría:	3.870,41
■ AVV Os Rueiros:	3.736,88
■ AVV San Antón:	3.243,45
■ AVV Santaia:	5.119,05
■ AVV Rialta-Xoecer:	1.552,40
■ AVV San Cosme:	3.009,44



■ As asociacións de veciños tamén acceden a fondos municipais para custear a súa programación cultural, festiva e de ocio.

## Entidades culturais e comisións de festas: 27.069,35 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ Agrupación Artística Cultural Semente Nova:	1.500,00
■ Agrupación Cultural A Marola:	1.994,81
■ AC Coral Lembranzas de Santa Cruz:	1.815,55
■ Asociación de Amas de Casa:	1.186,82
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana:	1.020,81
■ Centro Cultural e Instructivo:	995,20
■ Coral Polifónica de Mera:	1.349,30
■ SCR Amigos de Lorbé:	2.862,85
■ ACDRVP Rosario de Dorneda:	3.339,70
■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad:	1.155,03
■ Coral Airiños de Nós:	1.140,02
■ A.C. O Amanexo:	1.588,61
■ A.C. Pensionistas de Mera:	500,00
■ Coro de Oleiros:	1.288,37
■ Agrupación Folclórica Folliñas:	1.311,47
■ Asociación Amadahi:	1.020,81
■ AC Cofradía de Santa Ana de Mera:	3.000,00



■ Para potenciar a cultura galega e a pervivencia dos nosos costumes e tradicións, as entidades culturais e as comisións de festas son subvencionadas.

## Clubs de fútbol: 40.760 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ Club Atlético San Pedro:	6.580
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	5.100
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	7.100
■ Hércules SDC:	1.600
■ Marino de Mera CF:	* 5.340
■ Unión Campestre FC:	5.670
■ Club Atlético Perillo:	2.700
■ AD Cristo Rey:	3.740
■ Club Xuventude de Dorneda:	2.930



■ Os equipos de fútbol repártense outros 10.000 euros pola súa participación no Trofeo de fútbol municipal.

(\*): + 2.500 de auga e luz

## Entidades deportivas: 46.141,03 euros

ENTIDADE	Subv. concedida	ENTIDADE	Subv. concedida
■ SCD Rabadeira:	2.781,92	■ Judo Club Oleiros:	2.400,00
■ Club Breogán:	1.900,00	■ Club Acuatic Oleiros:	2.663,06
■ Club Mera FS:	2.137,51	■ Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude:	2.128,22
■ Club Patinaxe Oleiros:	2.907,27	■ Escola Artística UDC-Club Cabi:	2.695,56
■ Escola Artística UDC-Club Cabi:	2.695,56	■ Club Ximnasia Universidade da Coruña:	2.444,85
■ Club de Regatas Perillo:	6.000,00	■ Club Hóckey Oleiros:	2.522,85
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	6.000,00	■ Agrupación Deportiva Tríatlón Oleiros:	2.035,37
■ Escola Ximnasia Acordes:	2.800,00	■ Club Voleibol Oleiros:	2.611,06
■ Club de Tenis La Coruña:	1.834,80		

# Oleiros cos pobos máis desfavorecidos

■ Durante os vindeiros meses o Concello de Oleiros vai desenvolver varios proxectos de cooperación internacional nas zonas más pobres de América. Trátanse de accións directas, sen intermediarios, nas que o desenvolvemento dos programas está garantido grazas á concesión dos recursos económicos a entidades que levan anos desenvolvendo accións sociais nas comunidades más desfavorecidas do mundo.

## • Prevención de violencia, en El Salvador ▼



◆ Para fortalecer o plan de prevención de violencia no municipio de Ciudad Delgado, no departamento de San Salvador, un total de 10.634 persoas van beneficiarse das melloras no Centro de Alcance de Los Arenales, no que se desenvolven actividades e programas dirixidos a eliminar a violencia entre a mocidade. A achega do Concello de Oleiros é de 12.827,37 euros que serán destinados directamente á administración municipal, que forma parte activamente da área metropolitana desta zona de El Salvador.

## • Reconstrucción de vivendas, en Haití ▼



◆ Haití é o país máis pobre de América. O 4 de outubro de 2016 o furacán Matthew arrasou o suroeste do país destruíndo dous terzos das casas existentes. O Concello de Oleiros vai financiar con 6.601 euros a reconstrucción de vivendas. Eses cartos serán entregados ao bispo xesuíta Joseph Gontrand Décoste da diocese de Jérémie que está a levar a cabo un proxecto dirixido ás familias que perderon os seus fogares e se atopan nunhas condicións de vida horribles.

## • Creación de refuxios, en México ▼



◆ O 7 de setembro de 2017 un terremoto de 8,2 graos na escala de Richter asolou completamente a zona sur de México. Para apoiar unha das comunidades máis afectadas, a zona de San Mateo del Mar, o Concello de Oleiros concedéralle unha subvención de 7.670 euros ao Centro de Dereitos Humanos Tepeyac, que está encabezado polo bispo Arturo Lona. O proxecto consiste na creación de refuxios temporais para persoas en situación crítica, sen subsidio de ningún tipo e nunha situación de pobreza extrema.

## • Vacacións en paz, en Oleiros ▼



◆ A comezos do mes de xullo varias familias de Oleiros acollerán a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos procedentes de Tindouf, preto da fronteira alxeriana-saharauí; é dicir, son fillos e fillas dos saharauís que abandonaron os seus fogares ante a represión, invasión e ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do antigo Sáhara español en 1975. Durante preto de dous meses, estes menores abandonarán temporalmente os campamentos de refuxiados e ademais de gozar do verán como calquera outro neno ou nena do noso municipio poderán someterse, entre outras cousas, a exames médicos. O Concello de Oleiros colaborará un ano máis con Solidariedade Galega co Pobo Saharaui que é a entidade que organiza este programa denominado Vacacións en Paz.

## • Memoria histórica, en Nicaragua ▼

◆ O Goberno municipal tamén está a estudar a posible colaboración nun proxecto da Fundación Instituto de Liderazgo de Las Segovias, unha entidade sen ánimo de lucro que traballa con persoas que se atopan en situación de exclusión no sueste de Nicaragua, no que se pretenden realizar diversas actividades con excombatentes para levar a cabo un proceso de sanación e sensibilización sobre a necesidade de recuperar a memoria.

# Os outros Oleiros serán os destinos do Ven e Descubre 2018

◆ A orixe oleira do topónimo de Oleiros será o fío condutor do Ven e Descubre 2018 e o nexo común entre todos os lugares que se visitarán tanto no excursionismo como en sendeirismo. Vilas cun pasado común a Oleiros, con tradición oleira, con tradición artesanal e industrial coa cerámica, así como lugares co mesmo topónimo serán os destinos das viaxes.

Paisaxe e natureza, historia, cultura, artesanía..., historia viva arredor do topónimo Oleiros por toda Galicia e incluso Portugal, destino das rutas de sendeirismo de fin de semana. Un total de 18 excursións con 1.800 prazas e 12 rutas de sendeirismo con 540 prazas, ás que hai que engadir as dúas fins de semana de sendeirismo con 40 prazas cada unha delas, fan unha oferta total de 2.420 prazas.



## Excursións ▼

- **Os outros Oleiros: Ruta por terras de Riveira**

Unha ruta polos Oleiros de Riveira, entre o dolmen de Axeitos e o Parque Natural de Corrubedo.

- **Buño, a olería viva: Polas terras de Buño e Ponteceso**

Coñeceremos a fondo o traballo e a historia desta vila oleira, visitando o Ecomuseo do Forno do Forte e os talleres dos oleiros.

- **Pasado e presente da cerámica: Ruta por Sargadelos, Viveiro e San Cibrao**

Percorrido pola historia e o presente da renovación da industria da cerámica en Galicia nas fábricas Sargadelos e Regal.



## Sendeirismo de fin de semana ▼



## Sendeirismo ▼



- **Oleiros en barro: Desde Serantes a Liáns**

Acompañados dos "guías da memoria" escavaremos na historia da primeira fábrica de louza de Galicia en Dorneda e visitaremos o Museo Os Oleiros.

- **Ruta dos oleiros da Ribeira Sacra: Na Ribeira Sacra lúncense. Sober**

Ruta por camiños e miradoiros da Ribeira Sacra lúncense que nos levará a coñecer os artesáns que manteñen viva a "olería" negra de Gundivós.

- **Ruta das telleiras: Valga. Mesía**

Andaina polo entorno da antiga barreira de Valga, onde o espazo industrial coa arxila se converte en zonas húmidas de importancia natural.

- **Os louceiros de Arousa: Cambados, Vilagarcía, Cortegada**

Unha ruta pola ría de Arousa en relación coa extracción e transformación do barro. Embarcarémonos para descubrir a Illa de Cortegada no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

- **Camiños de barro alén do Miño: Río Miño e río Lima no norte de Portugal**

Unha fin de semana de descubrimiento, camiñando polas ecovías do río Miño e o río Lima que nos achegarán a observación e o coñecemento de dúas técnicas de explotación do barro: os cabaqueiros do Rosal e os azulejos de Portugal.

## Empoderamento feminino para acceder ao mundo laboral

◆ **Transforma a túa mirada, elixe a túa actitude** é o lema do obradoiro dirixido a mulleres que a Asociación Daleth, en colaboración co departamento de Servizos Sociais e co Centro Municipal de Formación do Concello de Oleiros, desenvolverá desde abril ata o mes de xuño para traballar a autoestima e o empoderamento emocional co obxectivo do emprego.

Un grupo de 15 mulleres, en sesións grupais semanais de tres horas de duración, adquirirán habilidades que lles facilitarán acceso ao mundo laboral a través de técnicas de coaching e de programación neurolingüística. A actividade vaise desenvolver polas mañás e contará cun servizo de gardería que permitirá a realización da actividade no suposto de ter menores ao seu cargo nese horario.

## Mónica Castelo proclámase campioa de Europa de rugby ▼



♦ Mónica Castelo, veciña de Nós, proclámouse por segunda vez campioa de Europa de rugby coa selección española. A xogadora oleirense completou unha brillante actuación no campionato, e xunto co seu equipo superaron con contundencia a Holanda na gran final disputada en Bruxelas por un claro 40-7.

## Lucía Rodríguez consegue a medalla de bronce na Copa de Europa de judo ▼

♦ A judoka oleirense Lucía Rodríguez non deixa de sumar triunfos ao seu palmarés. Nas pasadas semanas acadou dúas importantes medallas. En Portugal, na Copa de Europa junior, ocupou a terceira posición e no Campionato de España sub-21, na categoría de -44 kg, foi subcampioa. Lucía forma parte do Judo Club Oleiros.



**INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL**  
Subscríbete ao servizo de novas  
► do Concello de Oleiros

## Vitoria para Manu Taibo na Copa de Europa de patinaxe de velocidade ▼



♦ Manu Taibo, do SCD Rabadeira, proclámouse campión da segunda etapa da Copa de Europa de patinaxe de velocidade en Portugal. Este veciño de Broño, que esta tempada compite en categoría infantil, obtivo o triunfo en distancias longas.

## Anxo Blanco acada o Campionato de España de triplo salto ▼



♦ O atleta Anxo Blanco, veciño da rúa do Mar, proclámouse campión de España sub-23 de triplo salto en Salamanca. Cunha marca de 15,62 metros superou o segundo clasificado por catro centímetros. Foi a súa mellor marca persoal ata o momento.

## O surfista Juan Fernández gana a Copa de España ►

◆ A Copa de España de Surf, que premia os deportistas más regulares da tempada, foi en 2017 para o surfista oleirense Juan Fernández. Fernández, que amosou un magnífico estado de forma durante todo o ano, sumou 3.812 puntos tras acceder a catro finais nos campionatos de Tapia, Somo, Pantín e Ferrol. Nestas competicións participan máis de 300 surfistas de todo o Estado.



## O Club Acuático triunfa no VI Trofeo Concello de Oleiros de natación sincronizada ►

◆ As nadadoras do Acuático Oleiros completaron unha magnífica actuación na sexta edición da competición municipal de natación sincronizada. Conseguiron a vitoria na categoría alevín e o trofeo ao mellor club de escolas II e base IV. En total, máis de 400 nadadoras de diferentes clubs de toda Galicia participaron nesta proba.

## Adrián Imedio Rodríguez sube a podio no Campionato de España de loita olímpica ◀

◆ Adrián Imedio Rodríguez conseguiu a medalla de bronce no campionato de España sub-23 de loita olímpica. Este loitador de Liáns, que atravesa un extraordinario momento de forma, xa acadou numerosos triunfos anteriormente tanto en competicións estatais como internacionais.




## O XXIX Tríatlon Concello de Oleiros celébrase o sábado 12 de maio ◀

◆ Un total de 200 deportistas, de categoría cadete, xuvenil, absoluta sub-23 e veterana, participarán nunha nova edición do Tríatlon Concello de Oleiros. Como nos anos anteriores terá lugar na localidade de Mera e dará comezo ás 16:00 horas.

A distancia a percorrer para todas as categorías será de 750 m de natación, 21 km de bicicleta e 5,5 km de carreira a pé. Nesta proba participan tanto deportistas federados como persoas que practican este deporte e fan licenza dun día.

**Arrinca os plumachos das túas fincas! SON UNHA PESTE**

## Borja Villares distinguido como segundo mellor cociñeiro novo de España ➤



◆ O novo cociñeiro meracho Borja Villares, que xa o ano pasado triunfou en Segovia noutro concurso de chefs noveis, volveu demostrar as súas habilidades nos fogóns obtendo o segundo posto no Concurso Nacional de Jóvenes Cocineros celebrado en Palencia. Para este certame Villares preparou tres pratos: bombón de foie recheo de mazá e bañado en chocolate branco; tiradito de vieira con mazá, morcilla e xeado de leite de tigre; e un biscoito de améndoа con xeado de froita da paixón, chocolate negro e cremoso de chocolate branco e alfábega.


## Entréganse os premios do concurso Literario Descubrindo Oleiros ▼



◆ Pablo Rodríguez Gagino, de 4º de primaria do CEIP Isidro Parga Pondal, polo seu relato *A pequena muiñeira de Santa Cruz*; Diego Santiago García, de 6º de primaria do CEIP Luis Seoane por *A sombra da furna pequena*; Mateo Naya Seguí, de 1º de ESO do IES Neira Vilas por *Seixo Branco*; e Celtia Río Santos, de 3º de ESO do IES Miraflores por *No primeiro andar*foron os premiados na cuarta edición do concurso literario Descubrindo Oleiros organizado polo Servizo de Normalización Lingüística municipal. Ademais, fixose unha mención especial polo texto *Marco e a invasión dos plumachos* a Adriel Barbeito Romano, de 6º de primaria do CEIP Luis Seoane por mostrar ser coñecedor da actualidade do municipio e a Miguel Rodríguez Rico, de 3º de ESO do Colexio Santa María do Mar, por mostrar orixinalidade no argumento en *Paseando por Oleiros*.

## Unha publicación municipal conciencia á mocidade sobre a importancia da auga

◆ Con motivo do Día Internacional da Auga, o Concello distribuíu un libro sobre o ciclo da auga e a importancia que ten o seu uso e protección. A publicación, titulada *En Oleiros amamos a auga*, foi entregada a todo o alumnado dos centros públicos de secundaria e de 5º e 6º de primaria. O libro, de 60 páxinas, é un manual didáctico moi ameno no que se informa sobre a auga, o servizo público, os seus beneficios, o ciclo hídrico e como se pode realizar un consumo responsable en diferentes ámbitos.



## O Amanexo de Dexo volve triunfar en varios concursos de música tradicional



◆ A Asociación Cultural O Amanexo de Dexo recibiu dous importantes premios nas últimas semanas. No concurso de música tradicional Xiradela, celebrado en Arteixo e no que participaron conxuntos de toda Galicia, o grupo das Galdrumeiras obtivo o segundo posto e o das Barallocas ocupou a terceira posición.

## Santiago Vázquez, campión da Olimpíada Matemática ▼



◆ Despois de dous anos de intensa preparación, o veciño de Maianca Santiago Vázquez conseguiu a medalla de ouro na Olimpíada Matemática que se celebrou hai uns días en Xaén. A proba constaba de dúas sesións de tres horas e media na que se presentaban tres complicados problemas para resolver. Santiago, formado no Colexio Luis Seoane de Canide, foi o mellor nesta competición matemática na que participan estudantes de toda España.

## O 27 de abril abre o prazo de preinscripción nas actividades de verán ➤



◆ Como todos os anos, durante os meses de verán existe unha amplísima oferta de actividades dirixidas a nenos, nenas e mocidade. Os modelos de preinscripción así como o folleto con toda a información sobre a programación prevista está dispoñible na web municipal. É importante lembrar que para poder participar, todas as persoas interesadas deberán formalizar a súa preinscripción entre o 27 de abril e o 4 de maio.

A preinscripción pode realizarse tanto a través da web municipal, na sede electrónica do Concello de Oleiros, como na conserxería do centro cultural A Fábrica, en horario de 8:00 a 15:00 horas. No caso daquelas actividades nas que queden prazas vacantes, o 30 de maio abrirase novamente a matriculación.

## LETRAS GALEGAS 2018

## Oleiros homenaxe a María Victoria Moreno

◆ O Concello de Oleiros organiza unha ampla programación de actividades para dar a coñecer a figura de María Victoria Moreno, a escritora homenaxeada polo Día das Letras Galegas deste ano. Para o alumnado de infantil e primaria dos centros públicos realizaranse obradoiros que xirarán arredor da vida e obra da escritora dun xeito lúdico. Haberá xogos, confección de elementos mariños con papel, narracións da obra Mar adiante, xincanas literarias... Ademais, o Auditorio Gabriel García Márquez acollerá o día 4 de maio unha función de teatro para os estudantes de primaria.

Tamén haberá teatro o día 4 de maio, ás 20:30 horas, no auditorio do centro cultural A Fábrica para as persoas adultas. A compañía Limiar Teatro presentará unha das obras destacadas de María Victoria Moreno *Anagnórise*, na que se conta a historia de Nicolau, un mozo dunha vila das Rías Baixas que decide fuxir a Madrid facendo autostop.



## O Concello segue promovendo a lingua entre os más pequenos ▼



◆ Ao longo dos vindeiros meses terán lugar diversas actividades para promover o uso da lingua entre os nenos e nenas de 0 a 6 anos e as súas familias. Estas actividades están incluídas dentro do proxecto Apego, que desenvolve o Concello de Oleiros xunto con outros 29 municipios de Galicia. Para participar hai que inscribirse previamente en [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org) ou chamando ao 981 610 000.

### ● 29 de abril Os contos do chupete de Migallas Teatro ★

Os contos do chupete é unha sesión de contos para bebés na que se integran música en directo, literatura infantil, expresión dramática e tradición oral.

**Hora:** 12.30 horas • **Lugar:** A Fábrica



## O Festival de Narración Oral Falando a Boca Chea chega aos institutos ►

◆ O alumnado dos tres institutos públicos de Oleiros poderá gozar dos contos de Ramiro Neira, Caxoto e Charo Pita nos seus centros de ensino a través dun festival que está a desenvolverse tamén en varios concellos da comarca. Con esta proposta o Servizo de Normalización Lingüística quere promover o uso da lingua entre a mocidade, á vez que se divierten e se pon en valor a importancia da narración oral.

### ● 13 de maio Festa da lingua nas Torres de Santa Cruz ★

Sesión de contacontos para nenas e nenos de 0 a 5 anos na que Pablo Díaz fará unha viaxe a través dos contos coa música como fío condutor, tratando temas e rutinas adaptadas para os máis pequenos/as.

**Hora:** 12:00 horas • **Lugar:** As Torres



### ● 13 de maio Concerto De Aquí para Alá! de Lydia Botana ★

*De aquí para alá* é un concerto dirixido por Lydia Botana. No espectáculo cóntase a historia dunha bolboreta que nace grazas ao son de instrumentos musicais.



**Hora:** 17:30 horas • **Lugar:** As Torres



### ● 20 de maio Concerto Radio Bulebule de Paco Nogueiras ★

Paco Nogueiras convídavos a vivir a radio en directo nun divertidísimo programa cheo de humor, baile e cancións. Temos de todo: deportes, servizos informativos, o tempo, axenda cultural.

**Hora:** 12:30 horas • **Lugar:** A Fábrica



# Máis de 250 estudantes participarán nunha nova edición do Roteiro cultural e literario



◆ Os días 5 e 6 de xuño uns 265 alumnos e alumnas de 6º de primaria, 3º de ESO e 1º de bacharelato dos centros de ensino público do municipio participarán no Roteiro Cultural e Literario, unha actividade que organiza o Concello de Oleiros xunto co IES Miraflores e o IES Neira Vilas. Os estudiantes visitarán as Torres de Santa Cruz e o Museo Os Oleiros, o parque José Martí e a localidade de Montrove para coñecer a pegada que deixaron no municipio José María Kaydeda, Anisia Miranda e o pintor Antonio Tenreiro Brochón.

## Contacontos e obradoiros infantís en todas as bibliotecas municipais ▼



◆ As bibliotecas municipais continúan acollendo unha ampla variedade de contacontos e obradoiros para todas as nenas e nenos. É preciso reservar praza previamente para asistir a calquera das actividades. Pode facerse desde dez días antes en cada una das bibliotecas ou a través dunha chamada de teléfono.

### • Bebés

- Nós, **Biblioteca Anxel Fole**, día 27 de abril (18:30 horas): *Charo Pita*
- Perillo, **Biblioteca Central Rialeda**, día 3 de maio (18:30 horas): *Chus Álvarez*
- Mera, **Biblioteca María José Trincado**, día 4 de maio (18:30 horas): *Fátima Fernández*
- Santa Cruz, **Biblioteca Rosalía de Castro**, día 9 de maio (18:30 horas): *Chus Álvarez*
- Dorneda, **Biblioteca María José Russo**, día 14 de maio (18:30 horas): *Trinke Trinke*

### • Maiores de 3 anos

- Lorbé, **Biblioteca Xograr Mendiño**, día 10 de maio (18:30 horas): *Caxoto*



### • Maiores de 4 anos

- Lorbé, **Biblioteca Xograr Mendiño**, día 3 de maio (18:30 horas): *Soledad Felloza*
- Perillo, **Biblioteca Central Rialeda**, día 10 de maio (18:30 horas): *Pablísimo*
- Mera, **Biblioteca María José Trincado**, día 11 de maio (18:30 horas): *Paula Carballeira*
- Nós, **Biblioteca Anxel Fole**, día 11 de maio (18:30 horas): *Soledad Felloza*
- Oleiros, **Biblioteca Manuel María**, día 15 de maio (18:30 horas): *Trinke Trinke*
- Santa Cruz, **Biblioteca Rosalía de Castro**, día 16 de maio (18:30 horas): *Ramiro Neira*



### • Maiores de 6 anos

- Santa Cruz, **Biblioteca Rosalía de Castro**, día 2 de maio (17:30 horas): *Obradoiro de maxia*

## Rialeda acolle unhas actividades para a inclusión social

◆ Os días 26 de abril e 24 de maio terán lugar as dúas últimas xornadas dos obradoiros para a inclusión social que terán lugar na Biblioteca Central Rialeda. Nenos e nenas con discapacidade intelectual con autonomía para participar sós co apoio de técnicos especialistas e nenos e nenas sen afectación, todos eles entre 8 e 12 anos, participan conxuntamente nestas actividades lúdicas coas que se pretende acadar unha convivencia e interrelación activa. Tamén se procura sensibilizar as nenas e nenos sobre a realidade social próxima, a situación das persoas con diversidade funcional e xerar actitudes e comportamentos prosociais a favor da normalización social das persoas afectadas por diversidade funcional.

# Teatro e música para agardar polo verán

■ O Auditorio Gabriel García Márquez acolle os últimos espectáculos culturais a cuberto antes da chegada do verán. Haberá música e teatro a prezos reducidos, para que todos os veciños e veciñas poidan acceder a unha programación de primeira calidade.

## ● Sábado 28 de abril, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Goldi Libre** é un espectáculo de teatro documental da compañía Chévere sobre o movemento de insubmisión en España, sobre as persoas que formaron parte do mesmo e sobre a súa fantástica estratexia de desobediencia e confrontación non violenta co aparato do Estado.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



## ● Sábado 19 de maio, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera**

**Ses** ofrecerá un concerto no que presentará o seu último disco, *Readmirando a condición*. Trátase do quinto traballo de SES no que a cantora de Malpica de Bergantiños volve gravar, musicar e arranxar o seu primeiro disco, *Admirando a condición*, que publicara no ano 2011.

■ As entradas poñeranse á venda ás 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

# Unha primavera chea de viaxes ▼

◆ O programa municipal **Andares por Galicia: a cultura da natureza** ten programadas tres excursións para os vindeiros meses. Dirixidas a un público familiar, tamén poderán participar menores de idade acompañados por adultos. Todas aquellas persoas interesadas en apuntarse poderán informarse e inscribirse persoalmente no Departamento de Cultura (A Fábrica), no teléfono 981 610 000 (extensións 4915 e 4916), ou no enderezo electrónico: cultura@oleiros.org. O prezo é de 22 euros por persoa.



A FONSAGRADA: 12 DE MAIO

A viaxe transcorrerá pola zona da Fonsagrada. Realizarase a ruta de Gallo e o ascenso a Pena Guímara. A distancia a percorrer é de 15 km e está cualificada como de dificultade media-alta.



COSTA DA MORTE: 16 DE XUÑO

A denominada Ruta dos Naufraxios vai de Arou ata Cabo Vilán. A distancia a percorrer é de 16 km e está cualificada como de dificultade media-baixa.

# A V Foliada Tradicional reunirá as agrupacións folclóricas do municipio nas Torres de Santa Cruz ▼

◆ O vindeiro domingo día 3 de xuño o Concello de Oleiros organiza unha nova edición da Foliada Tradicional, unha xornada lúdica e de encontro na que participarán as diferentes agrupacións folclóricas de Oleiros. A festa comezará ás 13:00 horas, nas Torres de Santa Cruz, e haberá diferentes actividades dirixidas a toda a familia.

# TRIBUNA ABERTA

■ Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se deseñe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao endereço electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)

## Máster na vida

Contamos coa xeración máis preparada da historia deste país. As persoas universitarias gradúanse e compatibilizan os primeiros traballos precarios con estudos de posgrao que lles servirán nun futuro para abrir todas as portas que queiran. É un orgullo ver os rapaces e rapazas formados en universidades públicas do Estado triunfar. Non o é tanto cando ese mesmo Estado, despois de investir tantos cartos na formación desta xente, obrigaos coas súas políticas de emprego precario a emigrar. E o valor engadido dos seus coñecementos é aproveitado por outros países. É dicir: nós semetamnos e outros recollen os froitos e os aproveitan. Aquí en España, por contra, quedan as persoas do Máster na vida, como a señora Cifuentes. Xente experta na artimaña, o engano e máis o desfalco. Eses mal chamados políticos que “administran” o público de forma ruinosa, accedendo a postos de poder con currículos inventados. E ainda temos a quien cre na inocencia de Cifuentes sen que esta sequera ensinase a súa tese de fin de mestrado. E se algúen pensa que vai dimitir sen que a obriguen é que necesita un par de clases dese Máster da vida.

**S.C.F., Liáns**

## Os esquecidos

As roldas finais da Champions. O mestrado -que non é- de Cristina Cifuentes. O ascenso de Ciudadanos. Cataluña, procés e Puigdemont en de roadtrip en Europa. A axenda mediática está desbordada de temas que, ao final, sempre son o mesmo. E os esquecidos ségueno sendo. Quen se lembra xa do drama das persoas refuxiadas sen imaxes de nenos mortos nas praias? Quen do xenocidio en Palestina e da impunitude do exército de Israel, que acaba de perpetrar un ataque nun aeroporto en Siria que deixou 14 mortos? Ningún. Ou moi

poucos. E mirade para Siria... esa eterna esquecida que segue a desangrarse tras esa “primavera árabe” de 2011 que tivo tanto de primavera como o inverno siberiano. Agora Trump está decidido a atacar unilateralmente (sen apoio da ONU) Siria por un suposto ataque químico en Duma, último feudo do grupo terrorista Yeish Al-Islam na Guta Oriental (nas aforas de Damasco). Unha zona onde esos mesmos terroristas levan meses utilizando a miles de civís como reféns e mesmo como escudos humanos. Estaremos ás portas dun novo Iraq? Semella incluso máis preocupante este caso ao ser os intereses das dúas grandes superpotencias (Rusia e EEUU) tan contrapostos.

**Pedro García, Nós**

## Contaminación televisiva

A televisión e as producións audiovisuais exercen un papel de dominación sobre o conxunto da sociedade. A través dos contidos que emiten, e que se consumen masivamente, conseguem modificar e crear opinión pública. As industrias culturais exercen ese poder para enriquecer a grandes compañías multinacionais, sen ter en conta os graves danos que crean na sociedade. Nos últimos tempos vemos como as series televisivas que tratan o tema do narcotráfico están a acadar uns índices de popularidade elevadísimos. Millóns de persoas seguen os capítulos de Narcos, Fariña ou Braking Bad nos que se banaliza o consumo de drogas e se ofrece unha cara amable e simpática das mafias do narcotráfico.

A violencia extrema, as torturas, os asasinatos, os problemas mentais e físicos derivados do consumo das drogas, a corrupción dos poderes executivo, lexislativo e xudicial, os delitos contra a axencia tributaria... todo isto queda nun segundo plano ante a simpatía que se lle outorga aos líderes das organizacións mafio-

sas que se dedican á venda de droga. Non deberíamos esquecer, nin obviar nin quitarlle a importancia que ten a ningún destes delitos. O consumo de drogas causa graves danos na saúde das persoas e provocan situacións familiares e sociais verdadeiramente terribles.

**S.M. - Lorbé**

## Abandonados

Parece mentira que a comarca da Coruña sexa a más importante de Galicia. Sería fácil pensar o contrario vendo as infraestruturas públicas que existen en moitas outras zonas, menos poboadas, con menor peso industrial... E non só é unha cuestión de estradas, xa que tamén son moitos os equipamentos que os distintos gobiernos autonómicos e centrais foron creando en determinadas zonas como Barbanza, Costa da Morte, Lemos, A Mariña, Salnés, Compostela... en detrimento doutras como a nosa, completamente abandonada.

Esa realidade evidencia que durante as últimas décadas os representantes políticos que tivo a comarca da Coruña no Hórreo e en Madrid non estiveron á altura das circunstancias. Nin os que ocuparon postos de responsabilidade nos gobiernos, que non chegaron a executar obras de relevancia, nin tampouco os que desde a oposición non tiveron a habilidade necesaria para conseguir as melloras necesarias para os cidadáns.

Aínda así, tamén debemos facer autocrítica os veciños e veciñas. As mobilizacións masivas teñen un efecto moi grande para acadar os fins que se demandan, e aí fallamos. Igualmente debemos trasladar eses cabreos diarios polos atascos ás urnas. Só así poderemos quitar das súas cadeiras a aqueles que antepoñen os seus intereses electoralistas ás necesidades da cidadanía.

**Raúl López - Perillo**

## Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

## Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

## Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M. Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

## Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

## Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Russo / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

## Querida lúa

### O ciclo da lúa

Cheia	30 abril / 30 maio / 28 xuño
Mingua	7 maio / 5 xuño / 4 xullo
Nova	15 maio / 13 xuño / 12 xullo
Medra	22 abril / 22 maio / 20 xuño

## Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

## Horarios Cal Pita

1 > A Coruña  
> Fonteculler  
> Fonteculler  
> San Pedro <

Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'  
Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'

Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

2 > A Coruña  
> Perillo  
> Montrove  
> Os Regos  
> Oleiros <

Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora

Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora

Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora

3 > A Coruña  
> Perillo  
> Nós  
> O Carballo  
> Oleiros  
> Sada <

Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora

Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas

Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora

4 > A Coruña  
> Perillo  
> Sta. Cruz  
> Arillo  
> Sada <

Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora

Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora

Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora

6 > A Coruña  
> Perillo  
> Sta. Cruz  
> Arillo  
> Rialta <

Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora

■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30

Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora

Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora

6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20  
Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40

6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50  
Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45  
Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <

Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora  
Volta 10:30 a 21:30 cada hora

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <

Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora  
Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**35.839 habitantes empadroados/as!**

Ata o 19 de abril, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.375
DORNEDA (San Martiño)	3.453
IÑÁS (San Xurxo)	1.229
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.470
MAIANCA (San Cosme)	1.467
NÓS (San Pedro)	4.700
OLEIROS (Santa María)	3.062
PERILLO (Santa Leocadia)	8.523
SERANTES (San Xulián)	1.560

**TOTAL** 35.839

## FARMACIAS DE GARDA

### Datas

LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 20 ao 26 de abril Do 6 ao 12 de xullo
SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 27 de abril ao 3 de maio Do 13 ao 19 de xullo
MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 4 ao 10 de maio Do 20 ao 26 de xullo
JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)	Do 11 ao 17 de maio Do 27 de xullo ao 2 de agosto
Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 18 ao 24 de maio Do 3 ao 9 de agosto
FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503	Do 25 ao 31 de maio Do 10 ao 16 de agosto
Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 1 ao 7 de xuño
MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184	Do 8 ao 14 de xuño
PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845	Do 15 ao 21 de xuño
PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 22 ao 28 de xuño
JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 29 de xuño ao 5 de xullo

# A Banda Sinfónica de Oleiros marabilla o público ▼

• *A agrupación da Escola Municipal de Música ofreceu unha actuación maxistral no concerto homenaxe a Los Tamara*



◆ A Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros ofreceu un magnífico concerto o pasado 18 de marzo nun Auditorio Gabriel García Márquez ateigado de público. Nunha actuación conxunta con Rosa Cedrón, Paco Lodeiro e Miguel Ladrón de Guevara, o extraordinario grupo de músicos e músicas que dirixe Alberto Piñeiro deleitaron a todas as persoas asistentes cunha interpretación maxistral dunha selección de pezas de Los Tamara e de boleros.

A calidade e capacidade artística dos integrantes da banda xunto co magnífico traballo desenvolvido polo seu director fixo posible un espectáculo musical de primeiro nivel. As adaptacións das pezas que tocaron, para unha banda cun número tan elevado de compoñentes, é dunha complexidade enorme. Ademais, as voces dos cantantes contribuíron a enxalar ainda máis a boa música da banda.

*Alberto Piñeiro e todos os músicos e músicas da banda realizaron un extraordinario esforzo para adaptar e acoplar as pezas que interpretaron.*

